


Tipos de ambientes sedimentarios

Continentalis. Son os situados sobre os continentes. Clasifícanse segundo o axente xeolóxico que realiza a sedimentación:

- **Fluviais.** Aqueles en que o axente xeolóxico que actúa é un río.
- **Aluviais.** Zonas onde os regatos e torrentes depositan os seus sedimentos.
- **Lacustres.** Os fondos e as beiras dos lagos e outras masas de auga doce.
- **Glaciares.** Zonas de sedimentación de materiais transportados polo xeo.
- **Eólicos.** Zonas de acumulación de materiais transportados polo vento.

De transición. Son os que presentan influencia continental e mariña:

- **Praias.** Depósitos de area e grava acumulados pola ondata na costa.
- **Deltas.** Extensas acumulacións de area e limos achegados por un río na súa desembocadura.
- **Esteiros.** Desembocaduras fluviais amplas, con grande influencia mariña, debido a unha diferenza de altura notable entre a marea alta e a baixa.
- **Marismas e albufeiras.** Lagoas costeiras, de auga doce ou salgada.



Mariños. Situados baixo o mar.

Clasifícanse segundo a súa posición xeográfica:

- **Plataformas continentais.** Zonas somerxidas dos continentes. Son áreas extensas e de intensa sedimentación.
- **Arrecifes.** Estructuras elaboradas pola acumulación de esqueletos de seres vivos, como corais, moluscos, esponxas, etc.
- **Noiros continentais.** Son as pendentes que unen as plataformas continentais cos fondos abisais.
- **Abisais.** Son os extensos fondos oceánicos. Ao pé do noiro continental prodúcese unha intensa sedimentación, pero lonxe dos continentes a cantidade de sedimentos é escasa.



Terrazas fluviais



Meandros





Chaira aluvial



Delta

Esteiro




Morrena glacial





Val en U





Canchal

Plataforma de abrasión



Tómbolo





Ripple-marks